



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Sistemas migratorios comparados	Código	615472202	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	esomi.es			
Descrición xeral	Esta materia intenta analizar os distintos sistemas migratorios existentes no mundo desde unha perspectiva comparada. Parte dun enfoque global sobre as migracións enmarcando a mesma no debate sobre as teorías migratorias internacionais, e chega a analizar a situación de España e Galicia nese proceso global de mobilidade como parte do proceso de globalización.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Coñecementos sobre as características definitorias do sistema migratorio europeo no contexto da OCDE.		CM1 CM3 CM5
Capacidade de análise da evolución da inmigración en España: a intensidade, composición e as tendencias futuras.		CM5
Coñecementos sobre a situación da inmigración en Galicia: evolución, mercado laboral e integración dos extranxeiros en Galicia.		CM1
Ser capaces de analizar as principais fontes estadísticas e datos primarios sobre a situación da inmigración nos distintos territorios.		CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: O sistema migratorio español no contexto da OCDE.	<p>Tema 1.1. Características do sistema migratorio español no contexto da OCDE´.</p> <p>Tema 1.2. A inmigración en España: de país de emigración a país de inmigración (1985-2011)</p> <p>Tema 1.3. O impacto demográfico da inmigración en España</p> <p>Tema 1.4. A integración da inmigración na sociedade española.</p>
Tema 2: A inmigración en Galicia no contexto global e estatal.	<p>Tema 2.1. As especificidades da inmigración residente en Galicia: evolución do fluxo, stock e tendencias migratorias.</p> <p>Tema 2.2. Análise estadístico de fluxos e stock aplicados ao ámbito local: a planificación de intervencións sociais con apoio de fontes secundarias.</p>



## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	C1 C3 C5	0	18	18
Atención personalizada		32	0	32

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	A proba de ensaio é un tipo de metodoloxía que permite ao alumnado realizar unha reflexión profunda sobre as diversas temáticas explicadas na aula. O alumno ou alumna deberá presentar un ensaio de 10 páxinas no cal a revisión de bibliografía é un requisito indispensable. Os ensaios poden ser realizados de forma individual ou grupal, dependendo do acordo entre os profesores implicados, ao igual que pode escollerse a temática de maneira libre ou ser escollida polo docentes responsables da mesma.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	O profesorado responsable desta materia dará atención personalizada de forma presencial e virtual, é dicir, no horario de titorías oficialmente establecido e contestando dúbidas concretas a través do correo electrónico. Neste sentido, tentarase apoiar no avance de coñecementos aos matriculados nesta asignatura e solventar dúbidas, á par que complementar contidos realacionados coa mesma.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Proba de ensaio	C1 C3 C5	<p>A avaliación desta materia estará condicionada nun 90% da nota global á entrega dun traballo por cada unha das partes explicadas na materia.</p> <p>Para superar os contidos relacionados coa inmigración en Galicia é preciso a realización dun traballo individual que consistirá en cubrir unha ficha cunha serie de indicadores demográficos sobre a situación da poboación estranxeira nun municipio galego (a concretar coa profesora) e a análise demográfica de estos indicadores xunto dunha primeira valoración de esta situación (posibles liñas de intervención e programas a deseñar).</p> <p>Para superar os contidos relacionados coa inmigración na OCDE solicitarase ao alumnado un traballo de ensaio ou de comentario de fontes de datos estatísticos, que vincule leituras e comentarios de datos.</p> <p>Cada un dos traballos representará o 50% da nota final, é dicir, a suma de ambos supón un 100% da nota final da materia.</p> <p>Sen embargo, queremos deixar constancia que a avaliación final será acordada e definida polo profesorado responsable buscando a mellor alternativa en cada caso. Será comunicada ao alumnado durante as sesións maxistras e acordada co mesmo. Tamén se prantexará un prazo de entrega razoable do traballo de avaliación.</p> <p>No caso de non poder acceder ou de non superar a avaliación a través da proba de ensaio, o alumnado ten dereito a realizar un exame da convocatoria oficial, de carácter presencial.</p>	100
-----------------	----------	---	-----

#### Observacións avaliación

O alumnado a distancia terá a mesma opción de avaliación que os alumnos asistentes mediante a proba de ensaio. En caso de non ter superada a materia, faría un exame oral de modo virtual, de xeito tal que permita a axeitada identificación do alumno; por exemplo: exame oral por video conferencia.

#### Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aldrey, J.A., González Pérez, J. E Santos Solla, J.M. (2008). A inmigración estranxeira en Galicia. Identificación de comportamentos sociais e decisión territoriais a partir da opinión dos diferentes colectivos de inmigrantes. . Santiago de Compostela: SXE, Xunta de Galicia</li> <li>- Boutang, M. y Papademetriou, D. (1994). Typology, evolution and performance of the main migratory systems. OCDE: París</li> <li>- González Pérez, J.M. (2008). Inmigración estranxeira e territorio en Galicia. A construción dun país social e culturalmente diverso. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Emigración, Xunta de Galicia</li> <li>- Izquierdo Escribano, A. (2006). Demografía de los extranjeros. Incidencia en el crecimiento de la población. Bilbao: Editorial Fundación BBVA</li> <li>- Izquierdo Escribano, A. y León, S. (2008). La inmigración hacia dentro: argumentos sobre la necesidad de coordinación de las políticas de inmigración en un estado multinivel. Madrid: UCM (Revista Política y Sociedad, vol. 45, nº. 1)</li> <li>- Oso Casas, L.; Villares Varela, M. Golías Pérez, M. (2008). Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del puente transnacional. UCM: Madrid (Revista Política y Sociedad, Vol. 45, nº. 1)</li> <li>- OCDE (2008). A Profile of Immigrant Populations in the 21st Century Data from OECD Countries. OCDE: París</li> <li>- Simon, G. (1995). Géodynamique des migrations internationales dans le monde. Paris, Presses Universitaires de France</li> <li>- Fernández Suárez, B. (2010). Políticas migratorias comparadas en el Sur de Europa: lecciones cruzadas entre España y Portugal. Madrid: Fundación Alternativas</li> </ul>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Izquierdo Escribano, A. (2003). Inmigración, mercado de trabajo y protección social. Madrid: Editorial Consejo Económico y Social</li> <li>- Cid Fernández, X. M.; Domínguez Alberte, X.C.; Soutelo Vázquez, R. (2008). Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco</li> <li>- Domingo, A; y Recaño, J. (2006). Perfil demográfico de la población extranjera en España. Barcelona: Fundación CIDOB (Libro de Aja y Arango: La inmigración en España 2006. Anuario de inmigra</li> <li>- Izquierdo Escribano, A., López de Lera, D., Martínez Buján, R. (2003). The favourites of the Twenty-First Century: Latin American Immigration in Spain. Roma: The Centre for Migration Studies (CSER). Revista Studi Emigrazione, nº 149.</li> <li>- Izquierdo Escribano, A. (2002). La población extranjera en Galicia. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións (Libro Pérez Vilariño: Las encrucijadas del camb</li> <li>- Izquierdo Escribano, A. (1996). La inmigración inesperada. La población extranjera en España (1991-1995). Madrid: Editorial Trotta</li> <li>- Kritz, M.M., Lim, L.L., Zlotnik, H. (1994). International Migration Systems: A Global Approach. USA: Oxford University Press</li> <li>- OCDE (2009). International Migration Outlook - Edition 2009. OECD: Paris</li> <li>- Pérez Caramés, A. (2004). Los residentes latinoamericanos en España: de la presencia diluida a la mayoritaria. México DF: UNAM (Revista Papeles de Población, nº. 41)</li> <li>- Solé, C.; Izquierdo Escribano, A.; Alarcón Alarcón, A. (2005). Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía. Barcelona: Antrophos</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría das migracións internacionais/615472110

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia dos grandes movementos migratorios desde o s. XIX e transicións demográficas/615472103

Comunidades migrantes galegas en América e Europa/615472106

Técnicas de investigación aplicadas e fontes documentais para o estudo das migracións/615472109

Estrutura social, mercado de traballo e migración internacional/615472203



Materias que continúan o temario
----------------------------------

Políticas de control de fluxos e de admisión da poboación estranxeira/615472204
---

Políticas de integración social da inmigración/615472205
--

Observacións
--------------

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--